

ACTA DA MESA DE ALCALDES E ALCALDESA DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA.

Reunidos no Salón Vermello do Palacio de María Pita do Concello da Coruña, ás 13 h do 26 de abril de 2017 .

Asisten:

- D. Xulio Ferreiro Baamonde, Alcalde de A Coruña
- Dna. Alejandra Pérez Máquez, Alcaldesa de Bergondo
- D. Ramón García Vázquez, Alcalde de Betanzos
- D. Óscar García Patiño, Alcalde de Cambre
- D. Javier Varela, representante do Concello de Culleredo
- D. Ángel García Seoane, Alcalde Oleiros
- D. Óscar Benito Portela, Alcalde de Sada
- Ás 14.00 h incorpórase D. Julio Sacristán, Alcalde de Culleredo, que disculpa a seu retraso por mor dunha Comisión de Voceiros na Deputación Provincial.

Iníciase a sesión ás 13.00 horas para abordar, segundo a convocatoria efectuada, a seguinte Orde do Día:

1. Transporte metropolitano: análise e acordos respecto das propostas da Mesa Metropolitana do Transporte
2. Acordo respecto das solicitudes de entrevistas coa conselleira de Infraestruturas e co presidente da Xunta de Galicia
3. Estado de avance dos traballos do equipo xurídico da Universidade da Coruña
4. Publicación da web da estratexia metropolitana
5. Proceso participativo en torno ao documento de estratexia metropolitana
6. Información sobre os contratos en licitación: redacción dun instrumento de planificación e gobernanza territorial da Área Metropolitana da Coruña e asistencia para o desenvolvemento dos traballos das Mesas Metropolitanas de Traballo.
7. Acordo respecto da metodoloxía a seguir coa estratexia metropolitana de innovación: Innovacm
8. Informe acerca de visita de traballo á Área Metropolitana de Barcelona
9. Rogos e Preguntas

1

Tras unhas breves palabras de benvida do Alcalde da Coruña, faise entrega aos Alcaldes e Alcaldesa da seguinte **documentación**:

1. Transporte Metropolitano: Análise e Acordos respecto das propostas da Mesa Metropolitana do Transporte.
2. Acordo respecto das solicitudes de entrevistas coa Conselleira de Infraestructuras e co Presidente da Xunta de Galicia.
3. Estado de avance dos traballos do equipo xurídico da Universidade da Coruña.
4. Publicación da web da estratexia metropolitana.
5. Proceso participativo en torno ao documento de estratexia metropolitana.

- 1
P
6. Información sobre os contratos en licitación: redacción dun Instrumento de planificación e gobernanza territorial da Área Metropolitana da Coruña e asistencia para o desenvolvemento dos traballos das Mesas Metropolitanas de Traballo.
 7. Informe acerca de visita de traballo á Área Metropolitana de Barcelona.

Abórdase a continuación o primeiro asunto da Orde do Día.

1. Transporte Metropolitano: análise e acordos respecto das propostas da Mesa Metropolitana do Transporte.

| | |
|-----------------------|---|
| Alcalde da Coruña | <ul style="list-style-type: none"> - Explica contidos xerais da acta nº 7 da Mesa de Transporte e explica o Plantexamento ao redor do “Convenio interinstitucional” Xunta+10. |
| Alcaldesa de Bergondo | <ul style="list-style-type: none"> - Manifesta que asisten á Xuntanza convocada pola Xunta e xustifica as razóns de por qué participar en diferentes foros. - Traslada inquedanza do concello de Carballo e interés de participar. - Manifesta que o plan de accesibilidade pasou sen maior problema. |
| Alcalde de Oleiros | <ul style="list-style-type: none"> - Non ve vontade política da Xunta de mover a AMAC. - O transporte é o problema máis grave da AMAC. - Favorable a resolver o transporte na provincia, o que non obstaculiza que se trate especialmente a AMAC. - Insiste en pedir unha xuntanza co Presidente da Xunta - Formula unha proposta de acordo. |
| Alcalde de Culleredo | <ul style="list-style-type: none"> - Explica o contido dunha moción que se está a tramitar e debater no seo da Deputación Provincial ao respecto do Plan de Transporte da Xunta de Galicia. |

2

Tras un intercambio de pareceres e opinións, acórdase que a Mesa de Alcaldes da AMAC mantense firmemente posicionada nos principios básicos formalizados e expresados na acta nº7 da Mesa de Transporte, especialmente no seu documento Anexo, que se adxunta.

2. Acordo respecto das solicitudes de entrevistas ca Conselleira de Infraestructuras e o Presidente da Xunta.

Preséntase o asunto por parte do Alcalde da Coruña. Tras un intercambio de pareceres e opinións decídese modificar o escrito inicialmente proposto por outro co literal seguinte:

“Presidente da Xunta de Galicia
D. Alberto Núñez Feijoo

Os alcaldes e alcaldesa do espazo metropolitano da Coruña decidimos abordar a problemática do transporte de viaxeiros por estrada neste territorio dende unha perspectiva de rede integral metropolitana.

Xa a Declaración de María Pita, asinada polos alcaldes da Coruña, Betanzos, Bergondo, Cambre, Culleredo, Oleiros e Sada, o 20 de outubro de 2016, sitúa entre os seus obxectivos “o fortalecemento da vertebración, a accesibilidade e a conectividade interior e exterior da cidade e da súa contorna funcional metropolitana”, ademais da “planificación e a xestión da mobilidade metropolitana apostando polos medios de transporte público como forma de superación da conxestión actual no conxunto do sistema viario metropolitano e nos accesos á cidade da Coruña en particular, como elemento superador das evidentes incapacidades do sistema actual á hora de permitir a permeabilidade na comunicación en malla”.

Na súa entrevista co alcalde da Coruña o pasado seis de febreiro, manifestoulle a súa convicción de que a conformación da área metropolitana dependía en boa medida dos avances que fosen obtendo o proceso de integración do transporte metropolitano.

Posteriormente a Mesa de Alcaldes/a acordou, entre outras cuestiós, o 21 de febreiro de 2017, que a súa perspectiva de trabalho sería a de contemplar un plan único de transporte para o seu ámbito territorial así como consolidar a Mesa de Alcaldes/a e a Mesa de Transporte e Mobilidade (MMT) como os foros políticos e técnico respectivamente para o impulso e o deseño do transporte na área, foros polo tanto que son os que deberán establecer en diante unha relación bilateral coa Xunta de Galicia.

3

Entendendo que hai que ir cara a unha nova forma de gobernar a mobilidade metropolitana baseada na negociación e o diálogo entre institucións públicas non xerarquizadas e independentes e que o intercambio de información e formulacións, a integración funcional das diferentes actuacións e servizos e a vontade política de concentración institucional son a mellor garantía para o éxito, faise imprescindible comezar a colaboración interinstitucional canto antes, a fin de superar o modelo lineal que actualmente teñen as concesións de transporte que nos afectan, de forma tal que non se outorgue ningunha nova concesión de transporte público na área da Coruña sen o consenso necesario e derivado da dita colaboración integradora, e que se dea comezo á planificación dun transporte público metropolitano orientado ao cidadán, para o que se fai imprescindible saber as súas necesidades, a través da confección de matrices orixe-destino, que permitan saber coa maior exactitude posible os hábitos de desprazamento da poboación, así como as carencias que manifesta o sistema respecto das demandas cidadás. Por todo iso faise preciso abordar un estudo integral do sistema de transporte no ámbito da AMC, no que o financiamento e contratación deberían detallarse nun convenio ad hoc entre a Consellería de Infraestruturas e os dez concellos que conforman o espazo territorial metropolitano da Coruña.

Facemos novamente expresión colexiada da imperiosa necesidade de manter xuntanzas de traballo baseadas nun clima de lealdade, cooperación e colaboración institucional entre os dez alcaldes e alcaldesa da área urbana da Coruña e con vostede, o Presidente da Xunta de Galicia. A Coruña, a 26 de abril de 2017.

O alcalde da Coruña,
Asdo.: Xulio Ferreiro Baamonde
O alcalde de Betanzos,
Asdo.: José Ramón García Vázquez
O alcalde de Culleredo,
Asdo.: Julio Sacristán de Diego
O alcalde de Sada,
Asdo.: Óscar Benito Portela Fernández

A alcaldesa de Bergondo,
Asdo.: Alejandra Pérez Mález
O alcalde de Cambre,
Asdo.: Óscar García Patiño
O alcalde de Oleiros,
Asdo.: Angel García Seoane

Nota.- Axúntanse Actas nº 6 e 7 das Mesas de Transporte."

Os Alcaldes e Alcaldesa presentes proceden a asinar a referida misiva en dous formatos:

- a) Con sete firmas, os alcaldes que asisten á presente xuntanza e concordan no texto descrito.
- b) Con dez firmas, para que, no caso en que algún ou os tres alcaldes non asistentes (Arteixo, Abegondo e Carral) quixeran asinar a carta, puideran facelo.

3. Estado de avance dos traballos do equipo xurídico da Universidade da Coruña

O Alcalde da Coruña presenta o informe remitido polo profesor Carlos Amoedo Souto, do seguinte tenor literal:

"INFORME DE SEGUIMENTO DO CONTRATO DE SERVIZOS ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A UDC PARA A ELABORACIÓN DUN BORRADOR DE LEI DA ÁREA METROPOLITANA A CORUÑA
25 de abril do 2017

1. *O DOCUMENTO 1 dos traballos, baixo o título "INFORME SOBRE OS REQUISITOS E EFECTOS DO ARTIGO 122 DA LEI 5/1997, DO 22 DE XULLO, DA ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA, NO PROCESO DE FORMULACIÓN DUNHA ÁREA METROPOLITANA PARA A CORUÑA", foi entregado o 19 de xaneiro.*

Nas conclusións desta primeira fase, sinalábanse as seguintes seis conclusóns:

PRIMEIRA.- Malia a alusión textual ao art. 122 LALGA, a denominada Declaración de María Pita debe considerarse como un documento de indirizzo político sobre o impulso da creación da área metropolitana de A Coruña desde os concellos interesados.

SEGUNDA.- Tras a sinatura da Declaración de María Pita o 20 de outubro por parte dos alcaldes, todos os concellos interesados, agás o da Coruña, ratificaron nos seus plenos os compromisos políticos e acordaron coa maioria necesaria a iniciación do proceso de creación nos termos previstos polo art. 122 da LALGA, requerindo ao concello da Coruña a aprobación deste acordo.

TERCEIRA.- O Concello da Coruña ratificou no seu Pleno do 7 de novembro do 2016 o seu compromiso político co contido da Declaración de María Pita, mais sen acadar a maioría absoluta necesaria para acordar formalmente a iniciación do proceso nos termos previstos polo art. 122 LALGA.

CUARTA.- Para dar cumprimento ao disposto no art. 122 da Lei 5/1997, é preciso que a Corporación municipal da Coruña adopte, no seu caso, acordo plenario por maioría absoluta.

Na medida en que o precepto exixe que a iniciativa se adopte co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de cada Corporación, o acordo municipal require, en virtude do disposto no art. 122.5 da Lei 7/1985, asesoramento legal preceptivo por parte do Secretario de la Corporación.

QUINTA.- Unha vez acadados os acordos de iniciativa por maioría absoluta de todos os concellos interesados, procederá a remisión dos mesmos á Vicepresidencia da Xunta de Galicia, titular das competencias sobre administración local, para que dea comezo formalmente o proceso de elaboración do anteproyecto de lei de creación da AMC.

SEXTA.- Tendo en conta que un dos contidos da Declaración de María Pita é o de acordar a formulación dun anteproyecto de lei de xeito consensuado entre os concellos, a Xunta de Galicia e os grupos parlamentares, presidido polos principios do diálogo e a cooperación institucional, así como o de participación pública da cidadanía, consideramos acaído formular un borrador de traballo do texto da lei que goce da aprobación dos concellos interesados para o seu envío á Xunta de Galicia. Ese borrador debe ser a base do diálogo institucional coa Xunta de Galicia e os grupos parlamentares e permitirá a viabilidade práctica da iniciativa.

2. A equipa de traballo reuníuse o 31 de xaneiro para acordar o reparto de materias e a metodoloxía de traballo do DOCUMENTO 2, fase de estudo que precede o contido do DOCUMENTO 3 (memoria e texto articulado do borrador de Lei)

3. As materias do Documento 2 foron repartidas do seguinte xeito:

1. Réxime xurídico das áreas metropolitanas no actual Dereito local español (LBRL consolidada tras a Lei 27/2013 e sentenzas do Tribunal sobre a mesma) e na normativa galega de desenvolvemento da lexislación básica en materia de réxime local. (Doutora Victoria de Dios)
2. As experiencias metropolitanas en España (Doutora Victoria de Dios)
 - a. En Cataluña
 - b. En Euskadi
 - c. En Andalucía (conurbación da Bahía de Cádiz)
 - d. En Valencia
3. Acheitamento a algunhas experiencias metropolitanas europeas (francesas: Rennes, Brest Metropole, Lille). (Doutor Carlos Amoedo)
4. A experiencia metropolitana en Galicia: o caso de Vigo (Doutor Santiago Roura)
5. A experiencia pre-metropolitana da Coruña: mancomunidade e Consorcio das Mariñas (Doutor Carlos Amoedo)
6. Criterios sobre competencias a asumir, estrutura de governo metropolitano e marco básico de financiamento (Doutor Santiago Roura).

5

O día 9 de marzo fixose unha reunión de seguimento na Alcaldía da Coruña. Na actualidade, a equipa de traballo se encontra rematando a redacción das súas partes. Estímase que un primeiro borrador do documento 2 poderá ser entregado a finais do mes de maio.

Carlos A. Amoedo Souto
Responsable da execución do contrato pola UDC.”

Os alcaldes e alcaldesas presentes toman en consideración o informe presentado.

4. Publicación da web da estratexia metropolitana

O alcalde da Coruña propón que, transcorrido un prazo moi razonable para ter revisada a web da estratexia metropolitana, compre publicada xa que:

1. É preciso facilitar información acerca do proceso á cidadanía, entidades sociais, empresariais, sindicais, etc.
2. É preciso abrir un proceso participativo específico vinculado á estratexia metropolitana e esta web é un repositorio documental do acontecido no proceso de conformación da AMAC.

3. É preciso facilitar información a empresas que están a participar en procesos de licitación en marcha, recentemente publicados en Boletíns e no Perfil do Contratante do Concello da Coruña.

Os alcaldes e alcaldesa acordan proceder á publicación inmediata da web da estratexia metropolitana da AMAC.

5. Proceso participativo en torno ao documento de estratexia metropolitana

O alcalde da Coruña formula a proposta que se transcribe:

"Proposta proceso participativo en torno á Estratexia Metropolitana"

De cara a poder comunicar publicamente á veciñanza dos diferentes concellos que están a traballar na constitución da Área Metropolitana este proxecto, os seus obxectivos, as súas liñas principais de trabalho e sobre todo o calado e o impacto que terá na súa vida cotiá, propoñemos a realización dun proceso participativo con diversas finalidades:

Obxectivos:

1. Por un lado, un proceso que permita realizar un traballo de divulgación sobre o proxecto, o seu calado e obxectivos e, sobre todo, a repercusión futura que pode ter na vida da veciñanza de todos os concellos involucrados.
2. Polo outro abrir diferentes espazos de debate, análise e incidencia sobre o mesmo en cada un dos concellos vinculados ao proxecto.
3. Crear un espacio de participación online a través da web da Área Metropolitana de cara a diversificar a participación e accesibilizar a mesma a persoas que non poden acudir aos encontros presenciais.
4. Organizar mesas temáticas en torno a algúns dos temas máis relevantes que se abordarán dende a Área Metropolitana.

6

Actividades propostas:

- Organización dun encontro presencial en cada un dos concellos no que presentar o proxecto e abrir un debate público para recoller achegas sobre o documento xeral da Área Metropolitana.
- Abrir o espacio de participación online na web da Área Metropolitana, onde se recollerán achegas e adhesións ao documento de Estratexia Metropolitana.
- Organizar catro mesas temáticas en catro concellos da área, por exemplo, en torno ás seguintes materias: medio ambiente, mobilidade, promoción económica e ordenación do territorio.

Medios necesarios:

Para desenvolver estes obxectivos e activar o proceso participativo, licitaremos un prego, que será sustentado a nivel económico polo Concello da Coruña, para que unha empresa poida realizar:

1. Unha proposta global de proceso participativo, cun encontro por concello e os catro encontros temáticos.
2. Unha proposta metodolóxica para ambos espazos de participación.
3. Unha campaña de comunicación e mediación global.
4. Unha formación para persoal municipal en temas de participación ciadá.
5. Coordinación e xestión das achegas na participación online do documento xeral.

Cada concello deberá implicarse na organización do proceso aportando unha persoa de referencia para recibir a formación necesaria e responsabilizarse da coordinación do mesmo dentro do seu concello: procurando un espazo para a realización dos encontros, para o servizo de conciliación, linguaxe de signos, difusión e comunicación do encontro, preparación dos espazos, acollida das persoas participantes e recollida de achegas no espazo de participación online.”

Tras un breve debate sobre a proposta formulada, os alcaldes e alcaldesa presentes expresan a súa conformidade coa mesma.

6. Información sobre os contratos en licitación: redacción dun instrumento de planificación e gobernanza territorial da Área Metropolitana da Coruña e asistencia para o desenvolvemento dos traballos das Mesas Metropolitanas de Traballo.

O alcalde da Coruña entrega documentación específica sobre os expedientes:

- AS-37/2017. Servizo de apoio para a redacción dun instrumento de aproximación ás determinacións de planificación integrada e gobernanza territorial da área Urbana da Coruña e da súa contorna metropolitana.
- AS-41/2017. Servizo de apoio á coordinación do proceso de conformación da estratexia metropolitana da Área da Coruña.

Información sobre os citados expedientes foi previamente remitida dende a alcaldía da Coruña ás alcaldías dos nove concellos da AMAC.

Os alcaldes e alcaldesa presentes toman coñecemento do explicado e documentado.

7

7. Acordo respecto da metodoloxía a seguir coa estratexia metropolitana de innovación: InnovaCM

O alcalde da Coruña propón a conveniencia de retirar este asunto da Orde do Día ate que o Orzamento Xeral do Concello da Coruña esté definitivamente aprobado.

8. Informe acerca de visita de traballo á Área Metropolitana de Barcelona

O alcalde da Coruña explica en liñas xerais a colaboración que ven mostrando a AMB. O técnico do Concello da Coruña, José Manuel Peña Penabad, explica polo miúdo os detalles da visita á AMB e presenta un informe ao respecto que se atopa na documentación facilitada aos alcaldes e alcaldesa.

Á vista do informe, o alcalde da Coruña propón remitir á AMB unha carta de agradecemento co seguinte tenor literal:

“A propuesta del Alcalde de A Coruña, la Mesa de Alcaldes y Alcaldesa quiere mostrar su agradecimiento a la Institución Área Metropolitana de Barcelona (AMB), a su dirección política y a su estructura directiva por la singular colaboración que ha establecido con el proceso del a estrategia metropolitana de A Coruña (AMAC).

Manifestamos nuestro especial reconocimiento al equipo de la Gerencia de AMB y a las diferentes Direcciones de Área por la extraordinaria dedicación prestada y por la calidad de la información facilitada al coordinador técnico de la estrategia AMAC, José Manuel Peña Penabad, en su reciente visita a AMB.

A Coruña, 27 de abril de 2017"

Os alcaldes e alcaldesa tomaron coñecemento da visita realizada á AMB e acordan unánimemente que o alcalde da Coruña remita a precipitada carta en nome de todos os alcaldes e alcaldesa.

9. Rogos e preguntas.

Neste derradeiro apartado o alcalde da Coruña da conta da proposta do Concello da Coruña remitida á Xunta de Galicia o 25 de abril de 2017, relativa á Comisión de Seguimento do Plan de Accesibilidade.

Os alcaldes e alcaldesa toman coñecemento do asunto e do posicionamento do Concello da Coruña ao respecto.

Non tendo más asuntos que tratar, levántase a reunión ás 15 horas.

8


A Coruña, 26 de abril de 2017.

O alcalde da Coruña




Asdo.: Xulio Ferreiro Baamonde

A alcaldesa de Bergondo




Asdo.: Alejandra Pérez Márquez

O alcalde de Betanzos



Asdo.: José Ramón García Vázquez

O alcalde de Cambre



Asdo.: Óscar García Patiño

O alcalde de Culleredo




Asdo.: Julio Sacristán de Diego

O alcalde de Sada



Asdo.: Óscar Benito Portela Fernández

O alcalde de Oleiros



Asdo.: Angel García Seoane